

Facelo todo con amor

O amor mutuo, vivido entre pobos e comunidades, é un signo de esperanza para toda a humanidade e un bálsamo para as divisións que sempre a ameazan.

Carlos Díaz, filósofo español contemporáneo, di: "Amar supón unha verdadeira creación do ser amado por parte do amante; a persoa amada aparece ante el ou ela como preciosa, digna e merecedora de algo absolutamente gratuíto e non estritamente esixido: o amor. O poder e a capacidade activa de amar xorden xa nel ou ela". Esta conciencia renovada é a que nos permite abrírnos sen medo aos demais para entender as súas necesidades e poñernos ao seu lado, compartindo recursos materiais e espirituais.

Fixémonos nas accións de persoas como Jesús, Gandhi, Albert Schweitzer ou a Madre Teresa. Sempre foron os primeiros en dar. Ao instinto egoísta de acaparar oponse a xenerosidade; ao concertarnos nas nosas propias necesidades, a atención ao outro; á cultura do posuír, a do dar. Non conta se podemos dar moito ou pouco. O que importa é como damos, canto amor poñemos ata nun pequeno xesto de atención ao outro.

Chiara Lubich escribiu: "O amor é esencial, porque sabe achegarse ao próximo, mesmo cun simple xesto de escoita, de servizo, de dispoñibilidade. Que importante [...] é tratar de ser amor para cada un! Atoparemos o camiño directo para entrar no seu corazón e alivialo".

Esta é a a idea Así poderemos achegarnos aos demais con respecto e transparencia, con creatividade, deixando espazo ás súas mellores aspiracións, para que cada un poida dar a súa contribución ao ben común. Axúdanos a valorar cada ocasión concreta da nosa vida cotiá: dende as tarefas domésticas ou o traballo no campo e o taller, ata o traballo de oficina, as tarefas escolares, así como as responsabilidades no campo civil, político e relixioso. Todo pode transformarse en servizo atento e xeneroso.

Citamos unha experiencia significativa en Camerún feita por un grupo de mozos de Buea (suroeste de Camerún) que organizaron unha colecta de bens e fondos para axudar aos desprazados internos por mor da guerra. Entre as moitas persoas que coñeceron, un día atopáronse cun home profundamente abatido porque perdera un brazo durante a súa fuxida. Vivir con esta discapacidade non era fácil para el, xa que se vía obrigado a cambiar drasticamente os seus hábitos; un gran reto co que convivir cada día. A visita daqueles mozos fíxolle experimentar unha grande ledicia e permitiulle superar eses momentos de desánimo que sempre o oprimían, ata o punto de expresar, como conta Regina, os seus sentimentos máis íntimos con estas palabras: "A través da

IDEA DO MES

febreiro 2024

vosa visita sentín un grande amor que hoxe me dá esperanza para seguir adiante con máis ánimo". As palabras deste home deron aínda máis ímpeto e vigor á acción que os mozos emprenderan, sabendo, como engade Marita, que "nada é demasiado pequeno se se fai por amor".

Continuemos hoxe co noso compromiso sabendo que é o amor o que move o mundo, e que é a necesidade vital de todo ser humano. Comprobémolo!